

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN “CULTURA EN VENA” E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS) PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NOS CENTROS SANITARIOS DA ÁREA SANITARIA QUE MELLOREN A CALIDADE DE VIDA DOS PACIENTES E QUE FOMENTEN AS PRÁCTICAS ARTÍSTICAS NO ENTORNO SANITARIO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde, e a Fundación Cultura en Vena, formalizaron o 24 de febreiro de 2023 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos desde a data da súa sinatura e durante un período inicial de catro anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular el marco de colaboración entre as partes para a realización de actividades culturais da Fundación nos centros da área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, coa finalidade de contribuír a mellorar a atención integral dos pacientes, familiares e do persoal sanitario, a través das prácticas artísticas.

O obxecto do convenio levarase a cabo mediante as seguintes actividades:

- Promover, organizar, /ou colaborar na celebración de concertos, exposicións, conferencias, cursos, sesións de estudo e formación, campañas de sensibilización, etc. en todos os seus formatos, en centros da área sanitaria.

- Promover e contribuír a crear novas oportunidades de actividade e emprego para músicos, artistas e xestores culturais.

- Desenvolver e promocionar actividades de voluntariado cultural relacionadas cos fins da Fundación.

- Promover e/ou realizar estudos e investigacións relacionadas cos fins da Fundación.

- Organizar campañas de prensa, radio, televisión e calquera outros medios de comunicación que permitan a difusión das actividades da fundación, así como elaborar, editar, publicar e difundir materiais vinculados cos fins da fundación, xa sexa en papel ou soporte audiovisual e/ou multimedia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

Que a Fundación Cultura en Vena, ten como obxectivo mellorar a vida das persoas, acercando a cultura alí onde non adoita chegar, especialmente no ámbito da atención sanitaria e nas comunidades rurais en risco de despoboamento, aos quen se achega, entre outros, a arte plástica e a música en directo.

Por outra banda, o Servizo Galego de Saúde (Xerencia da área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras) ten por obxectivos a prestación de servizos asistenciais, de investigación e de formación, así como procurar a mellora da calidade de vida dos pacientes e dos seus familiares, así como mellorar a experiencia destes no seu paso polos centros sanitarios.

Que polas partes prodúcese unha confluencia nos seus obxectivos, polo que se considera de interese o establecemento dunha colaboración entre as mesmas dirixida a impulsar a función das prácticas artísticas (música, arte plástico, etc.) como ferramenta de mellora da saúde, o benestar e a estancia hospitalaria de pacientes, familiares e persoal sanitario, apoiando a investigación clínica dos efectos das prácticas artísticas sobre a saúde das persoas e promover o desenvolvemento dun sector de actividade integrado polos sectores das industrias culturais e as institucións sanitarias.

Por todo o anterior e, tendo en conta as razóns de interese público, social, económico e humanitario, así como o carácter temporal do programa piloto a desenvolver, non resultou posible promover concorrencia pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificada a sinatura do instrumento convencional indicado, con exclusión doutras figuras.

A xerente do Servizo Galego de Saúde

María Estrella López-Pardo Pardo

